

**O subsistema de
formación para o
emprego**

8

CAPÍTULO 8: O SUBSISTEMA DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO

8.1. Introducción. Antecedentes

A formación profesional que imos tratar neste capítulo non é o ensino profesional regrado impartido dentro do sistema educativo, senón a coñecida como formación ocupacional para o emprego que abrangue tanto a dirixida a persoas ocupadas co obxecto de mellorar a súa cualificación profesional (formación continua) coma a destinada a persoas desempregadas (formación ocupacional) coa finalidade de adquirir as habilidades que lles permitan integrarse no mercado laboral.

A actual normativa, Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, sinala que o seu obxecto é regular no marco xeral do Sistema Nacional das Cualificacións e Formación Profesional, a planificación e financiamento do sistema, a programación e execución das accións formativas, o control, o seguimento e o réxime sancionador, así como a avaliación e o control da calidade.

Pero con anterioridade a esta lei xorden os Acordos sobre o subsistema de formación continua, como importantes fitos do diálogo social e negociación colectiva no ámbito da formación ocupacional.

O seu obxectivo fundamental foi implantar e estender en empresas e persoal traballador unha cultura de formación permanente, creando un sistema de axudas á formación continua.

Ata 1993, o sistema de formación profesional estaba integrado por dous subsistemas: A formación regrada, enmarcada no ámbito da Administración laboral e dirixida a persoas desempregadas a través do Plan de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP).

A formación continua era unha actividade residual que só realizaban as grandes empresas.

Foi neste marco do I Acordo Nacional de Formación Continua onde se comezou a regular a formación continua coa participación das organizacións empresariais, sindicais e Goberno. Destinouse unha parte da cota de formación profesional para o financiamento da formación continua. Este modelo foi materializado na Fundación para a Formación Continua (Forcem).

En 1996 asínase o II Acordo Nacional de Formación Continua e no 2000 os III ANFC.

En 2001 créase a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

En 2002 promúlgase a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

En 2003, o Real decreto 1046, que regula o subsistema de formación continua, inscribe a súa regulación no ámbito da lexislación laboral.

En 2006, os Acordos nacionais de formación integraron a formación ocupacional e a formación continua nun único subsistema de formación profesional para o emprego recollido no RD 395/2007.

A conciencia acerca do valor da formación foise implantando ao longo destes anos converténdose nunha realidade.

8.2. Regulación actual do sistema de formación profesional para o emprego

8.2.1. Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego

Sobres as bases sentadas polo IV Acordo Nacional de Formación do ano 2006, desenvólvese o Real decreto 395/2007, cuxas principais iniciativas foron:

- Formación bonificada de demanda das empresas e os permisos individuais de formación xestionados pola Fundación tripartita.
- Formación subvencionada ou de oferta dirixida a persoas traballadoras ocupadas, xestionada pola Fundación tripartita no ámbito estatal e polas CC.AA. no seu ámbito.
- Formación subvencionada ou de oferta dirixida a persoas desempregadas xestionada case na súa totalidade polas CC.AA.
- Programas específicos dirixidos a colectivos como mozas e mozos menores de 30 anos.
- Formación dirixida a empregadas e empregados públicos.
- Formación en alternancia co emprego e formación teórica dos contratos de formación e aprendizaxe.
- Accións de apoio e acompañamento á formación.

8.2.2. Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral

A nova lei conta con catro obxectivos estratéxicos:

- Garantir o exercicio do dereito á formación de persoas traballadoras, empregadas e desempregadas

- Posibilitar a contribución efectiva da formación á competitividade das empresas
- Fortalecer a negociación colectiva na adecuación da oferta formativa
- Asegurar a eficacia e transparencia na xestión dos recursos públicos.

8.2.3. Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral

Consta de seis capítulos.

CAPÍTULO I: Disposicións xerais

Nel recóllense aspectos relacionados coa planificación plurianual (3 anos) na que participan as organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Establécense as modalidades formativas e as persoas destinatarias, así como os límites e porcentaxes de participación.

CAPÍTULO II: Formación programada polas empresas

Establécese que a programación e xestión das accións formativas poderá realizarse polas empresas con flexibilidade nos contidos e momentos de impartición, sendo beneficiarias calquera empresa ou entidade pública calquera que sexa o seu tamaño, sector e situación, informando as/os representantes legais.

CAPÍTULO III: Oferta formativa para os persoas ocupadas

Tomando como base o informe anual de prospección e detección de necesidades formativas prográmanse accións de formación sectorial, transversal e de cualificación e recoñecemento profesional.

Tamén se levará a cabo formación para traballadoras e traballadores autónomos e de economía social.

CAPÍTULO IV: Oferta formativa para persoas desempregadas

Apostarase por sectores innovadores e dando prioridade ao baixo nivel de cualificación, a necesidades educativas especiais ou con dificultade para a súa inserción ou recualificación.

Tamén se crean programas formativos que inclúen compromisos de contratación.

CAPÍTULO V: Outras iniciativas de formación

Neste capítulo recóllense os permisos individuais de formación, a formación en alternancia co emprego e a formación do persoal ao servizo da Administración pública.

CAPÍTULO VI: Réxime de funcionamento

As CC.AA. son competentes na programación, xestión, control e avaliación da formación profesional para o emprego no seu ámbito territorial e naqueles programas que transcendan ese ámbito requirirán unha actuación coordinada e homoxénea por parte do SEPE.

8.3. Formación de demanda

Regulada polo Real decreto 395/2007 nos anos 2016 e 2017. A partir de xaneiro de 2018 pasará a regularse no marco da Lei 3/2015 e denominarase formación programada polas empresas.

Características da formación de demanda:

- Responder ás necesidades de formación de cada empresa e dos que traballan nelas. Inclúe tanto as accións formativas coma os permisos individuais de formación. Este permiso individual é o que as empresas autorizan para realizar unha actividade formativa para a obtención dun título oficial ou certificado de profesionalidade, sen ter que estar relacionado coa actividade da empresa e cunha duración máxima de 200 horas.
- Correspóndelle á empresa a planificación e xestión das accións formativas, sendo a duración mínima de 6 horas.
- A formación irá destinada ao persoal asalariado de empresas ou entidades públicas non incluídas no ámbito das Administracións públicas, con relación laboral fixa descontinua en períodos de ocupación, que accedan a desemprego cando estean en período formativo ou acollidos a ERE en períodos de suspensión de emprego.

As empresas dispoñen dun crédito de formación, a Lei de presupostos xerais do Estado establecerá un mínimo crédito en función do número de persoas que a empresa teña en cadro de persoal.

As empresas poderán organizar a formación por si mesmas con medios propios ou externos. Poderán optar por encomendar a organización a unha entidade externa e as de menos de 100 persoas poderán agruparse con criterios territoriais ou sectoriais.

Cadro 8.1

Formación de demanda. Evolución principais indicadores. Ámbito estatal. 2011-2017

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Empresas formadoras	432.182	459.620	478.621	471.590	439.188	367.770	355.507
Cobertura empresas ⁽¹⁾	28,8%	31,1%	30,0%	29,7%	27,4%	22,7%	21,20%
Crédito asignado	763.772.616	799.922.865	802.189.822	785.704.096	784.331.843	761.399.133	785.460.00
Crédito disposto	560.921.613	592.128.270	608.226.556	588.057.612	551.288.713	514.729.040	517.104.469
Ratio disposto	73,4%	74,0%	75,8%	74,8%	70,3%	67,60%	65,8%
persoas participantes formadas	2.986.493	3.176.489	3.224.182	3.291.803	3.576.748	3.766.997	4.017.000
Cobertura persoas participantes ⁽²⁾	24,3%	27,4%	29,0%	28,9%	30,3%	30,90%	31,7%
Horas de formación	80.654.568	82.772.544	82.435.580	79.884.757	79.209.257	64.276.809	63.822.032
Duración media	27,0	26,1	25,6	24,3	22,2	17,1	15,9
PIF finalizados	4.634	18.909	30.226	13.666	9.403	6.492	6.034

(1) Porcentaxe de empresas formadoras sobre empresas do sector privado de alta en TXSS.

(2) Porcentaxe de persoas participantes formadas sobre traballadoras e traballadores asalariados do sector privado EPA.

Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Se analizamos os principais indicadores do ámbito estatal constatamos que tanto en 2016 coma en 2017 se produce unha minoración de todos os indicadores (á data de peche deste capítulo non contamos con algúns datos de 2017) agás do número de persoas participantes formadas e o crédito asignado sobe lixeiramente en 2017. Menos empresas formadoras, menos tempo dedicado a formarse, menos crédito e máis persoas traballadoras que acceden á formación. É especialmente relevante a diminución das horas de formación, así como dos permisos individuais de formación nestes dous anos.

Cadro 8.2

Formación de demanda. Evolución principais indicadores. Galicia. 2011-2017

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Empresas formadoras	36.762	37.860	37.801	36.311	33.875	26.943	26.701
Cobertura empresas ⁽¹⁾	37,5%	39,1%	39,0%	38,3%	35,9%	28,5%	
Crédito asignado	40.872.668	41.075.645	39.740.701	37.331.150	36.458.354	34.215.124	34.870.000,00
Crédito disposto	31.705.794	31.008.366	31.187.872	29.068.392	26.534.427	22.682.453	23.090.974
Ratio disposto	77,6%	75,5%	78,5%	77,9%	72,8%	66,3%	66,2%
Persoas participantes formadas	170.482	169.835	173.282	173.381	184.270	183.787	155.814
Cobertura persoas participantes ⁽²⁾	25,9%	27,6%	29,1%	29,3%	29,9%	29,30%	30,2%
Horas de formación	5.400.651	5.223.026	5.141.169	4.859.014	4.735.227	2.952.199	2.990.632
Duración media	31,7	30,8	29,7	28,0	25,7	18,4	17,4
PIF finalizados	101	1.433	1.895	653	387	240	164

(1) Porcentaxe de empresas formadoras sobre empresas do sector privado de alta en TGSS. Dato no disponible para 2017.

(2) Porcentaxe de persoas participantes formadas sobre traballadoras e traballadores asalariados do sector privado EPA.

Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Evolución similar apréciase en Galicia, destacando a redución das horas de formación que alcanza o 44% se comparamos o 2011 e o 2017 e 36% se tomamos como referencia os anos 2015 e 2017. As horas de formación en Galicia supuxeron só o 4,7% do total de horas a nivel estatal.

Cadro 8.3

Formación de demanda. Distribución sectorial das horas de formación. Galicia- España. 2016

	2016				2017			
	Galicia		España		Galicia		España	
	Nº horas	%	Nº horas	%	Nº horas	%	Nº horas	%
Agricultura	78.969	2,34	987.352	1,54	79.009	2,33	948.637	1,49
Industria	720.622	21,34	11.669.886	18,16	724.212	21,39	11.740.322	18,40
Construción	332.860	9,86	4.043.250	6,29	349.854	10,33	4.298.768	6,74
Comercio	621.628	18,41	11.135.077	17,32	628.455	18,56	10.327.188	16,18
Hostalaría	247.311	7,33	4.996.477	7,77	254.727	7,52	4.987.822	7,82
Outros servizos	1.374.725	40,72	31.444.767	48,92	1.349.458	39,86	31.519.295	49,39
Total servizos	2.243.664	66,46	47.576.321	74,02	2.232.640	65,94	46.834.305	73,38
Total sectores	3.376.115	100,00	64.276.809	100,00	3.385.715	100,00	63.822.032	100,00

Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España coma en Galicia concéntranse maioritariamente no sector servizos chegando ao 66% en Galicia e ao 74% no conxunto do Estado.

No sector industrial destaca Galicia destinando unha porcentaxe superior de horas de formación en comparación coas destinadas polo resto do Estado.

Cadro 8.4

Formación de demanda. Principais indicadores-I. Galicia. Por provincias. 2016

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Empresas formadoras	10.302	3.635	3.107	9.899	26.943
% Provincia	38,2%	13,5%	11,5%	36,7%	100,0%
Participantes formados	83.591	17.707	18.205	64.284	183.787
% Provincia	45,5%	9,6%	9,9%	35,0%	100,0%
Particip. formados mujeres	35.894	6.563	7.400	26.782	76.639
% Provincia	46,8%	8,6%	9,7%	34,9%	100,0%
Participantes formados homes	47697	11144	10805	37502	107,148
% Provincia	44,5%	10,4%	10,0%	35,0%	100,0%

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

A nivel provincial destaca A Coruña co maior número de empresas formadoras e persoas participantes formadas, seguida de Pontevedra.

Cadro 8.5

Formación de demanda. Perfil das/dos participantes formadas/os. Por idade e nacionalidade. Galicia. 2016-2017

Idade	2016						2017					
	Homes			Mulleres			Homes			Mulleres		
	Participantes formadas/os	%	Duración media	Participantes formadas/os	%	Duración media	Participantes formadas/os	%	Duración media	Participantes formadas/os	%	Duración media
De 16 a 25	4620	4,3	21,4	3785	4,9	23,1	5103	4,6	20,8	3730	4,5	22,8
De 26 a 35	25795	24,0	19,2	21542	28,1	21,8	25902	23,1	18,0	21348	25,9	21,2
De 36 a 45	41686	38,9	17,7	31480	41,0	18,7	43787	39,1	16,8	33117	40,2	18,3
De 46 a 55	26295	24,5	17,0	15640	20,4	16,4	27870	24,9	16,2	18816	22,9	15,1
Maiores de 55	8748	8,2	15,0	4188	5,5	14,8	9237	8,2	14,7	5286	6,4	12,1
Sen datos	4	0,0	5,3	4	0,0	41,8	14	0,0	30,8	10	0,0	22,2
Estranxeiros/as												
Si	2370	1,5	19,9	1282	0,7	25,7	2585	1,5	19,5	1303	0,7	24,7
Non	104778	57,0	17,8	75357	41,0	19,1	109328	57,1	16,9	81004	40,6	18,1

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Neste cadro reflíctese o perfil das persoas participantes, sendo a franxa de idade de 36 a 45 anos, tanto en homes como en mulleres, a que maior número de persoas concentra. A franxa de idade entre 26 e 45 anos supón máis da metade das persoas formadas, aínda que é o grupo de 16 a 25 o que reflicte a media máis alta de horas de formación en torno ao 23% en mulleres e ao 21% en homes.

Cadro 8.6

Formación de demanda. Perfil das/dos participantes formadas/os. Por nivel de estudos. Galicia. 2016-2017

	2016						2017					
	Homes			Mulleres			Homes			Mulleres		
	Participantes formadas/os	%	Duración media	Participantes formadas/os	%	Duración media	Participantes formadas/os	%	Duración media	Participantes formadas/os	%	Duración media
Estudios primarios	45050	42,0	17,4	20488	26,7	17,1	46368	41,4	16,9	23749	28,9	15,0
Estudios secundarios	32687	30,5	16,9	25814	33,7	18,7	35665	31,4	15,6	27629	33,6	18,1
Estudios terciarios	28915	27,0	19,5	29795	38,9	20,8	29107	26,0	18,4	29969	36,4	20,4
Otras titulaciones	496	0,5	22,7	552	0,7	22,3	773	0,7	22,1	960	1,2	25,3

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Segundo o nivel de estudos, son os homes con estudos primarios (EGB ou equivalente) os que concentran o maior número de persoas, seguida de homes con estudos secundarios (formación profesional, bacharelato, BUP ou equivalente). Estes dous niveis concentran en torno ao 73% dos homes.

No grupo de mulleres son as de estudos terciarios as que maior número de participantes presentan 40% en 2016 e 36% en 2017.

A duración media das horas de formación no colectivo feminino é maior no nivel de estudos terciarios (arquitectura, enxeñaría, licenciatura...) cun 20%, mentres que no masculino alcanzan o 19,5% en 2016 e 18,5 no 2017.

Cadro 8.7

Formación de demanda. Perfil das/dos participantes formadas/os. Por tamaño da empresa e sector de actividade. Galicia. 2016-2017

Tamaño da empresa	2016						2017					
	Homes			Mulleres			Homes			Mulleres		
	Participantes formadas/os	%	Duración media	Participantes formadas/os	%	Duración media	Participantes formadas/os	%	Duración media	Participantes formadas/os	%	Duración media
De 1 a 5	11422	10,7	38,1	9474	14,4	49,7	11267	10,1	37,5	9505	11,5	48,2
De 6 a 9	4846	4,5	28,2	2692	3,5	38,0	4995	4,5	27,9	2714	3,3	37,1
De 10 a 49	21187	19,8	20,0	11116	14,5	22,7	22038	19,7	19,1	10980	13,3	22,5
De 50 a 99	9793	9,1	15,8	6094	8,0	15,2	10073	9,0	15,4	6665	8,1	14,0
De 100 a 249	11321	10,6	15,3	6181	8,1	16,2	11450	10,2	14,4	7132	8,7	16,0
De 250 a 499	65552	6,1	13,5	5866	7,7	12,7	7510	6,7	13,6	5996	7,3	12,5
De 500 a 999	6509	6,1	12,0	3712	4,8	12,5	7364	6,6	10,7	5447	6,6	9,1
De 1.000 a 4.999	14936	13,9	12,4	13856	18,1	11,9	17067	6,6	10,4	14324	17,4	11,6
Más de 4.999	20582	19,2	11,4	17648	23,0	9,2	20148	15,3	11,5	19544	23,7	9,6
Sector de actividade												
Agricultura	2333	6,5	28,5	348	2,9	36,0	2372	6,8	27,1	443	4,2	30,1
Industria	35918	6,5	14,3	12522	7,2	16,5	37643	6,5	13,8	13573	7,0	15,0
Comercio	14716	4,9	20,6	18459	6,1	17,2	15076	5,1	20,5	18171	6,5	17,6
Construción	14839	9,0	19,3	1204	5,7	38,4	16196	8,5	18,6	1555	5,5	31,4
Hostalaría	2698	2,0	33,8	4298	3,0	36,3	2905	2,0	32,8	4984	3,1	32,0
Outros servizos	36644	3,9	17,7	39808	4,0	18,2	37721	3,8	16,0	43581	4,0	17,1

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Se é o tamaño da empresa a variable a ter en conta, son as de entre 10 a 49 persoas traballadoras as que reúnen o maior número de persoas participantes formadas no grupo de homes e as de entre 1.000 e 4.999 no de mulleres.

En canto á duración media, é inversamente proporcional ao número de persoas traballadoras, a menor número, maiores son as horas de formación. Como exemplo en 2017 no colectivo feminino e en empresas de 1 a 5 persoas dedicáronse unha media de 48,2 horas e nos homes a media alcanzou 37,5 horas de formación.

O sector de actividade que concentra maior número de mulleres formadas é o de outros servizos, mentres que no grupo de homes é a industria.

Cadro 8.8

Formación de demanda. Participantes formadas/os segundo tipoloxía da formación. Galicia. 2016-2017

	2016			2017		
	Participantes formadas/os	%	Duración media	Participantes formadas/os	%	Duración media
Presencial	135.707	73,8	11,4	142.043	73,1	10,9
A distancia	0	0	0	0	0	0
Mixta	4.597	2,5	43,9	5.247	2,7	44,3
Teleformación	43.501	23,7	37,4	46.930	24,2	34,3

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Con respecto á modalidade de formación é a presencial a que concentra o 74% das persoas participantes, seguida da teleformación co 24%. A duración media é inversamente proporcional ao número de persoas participantes, xa que a modalidade presencial só tivo unha media de duración de 11 horas, fronte á modalidade mixta que foi de 44 horas.

Cadro 8.9

Formación de demanda. Participantes formados/os segundo familia profesional¹. Galicia. 2016-2017

	2016						2017					
	Homes			Mulleres			Homes			Mulleres		
	Participantes	%	Duración media	Participantes	%	Duración media	Participantes	%	Duración media	Participantes	%	Duración media
Actividades físicas e deportivas	279	0,3	11,9	193	0,3	14,8	195	0,2	12,4	119	14,0	11,2
Administración e xestión	19245	18,0	14,6	21137	27,6	15,3	21076	18,8	13,3	23904	28,4	14,7
Agraria	433	0,4	26,7	243	0,3	20,4	239	0,2	24,6	200	0,2	14,4
Artes gráficas	223	0,2	35,6	176	0,2	37,5	213	0,2	28,4	2010	0,3	32,9
Comercio e marketing	10132	9,5	17,3	9873	12,9	17,4	9780	8,7	15,2	8321	10,1	18,5
Edificación e obra civil	3252	3,0	17,1	266	0,4	26,2	2873	2,6	16,4	194	0,2	28,3
Electricidade e electrónica	480	0,5	21,2	62	0,1	18,7	475	0,4	2,5	44	0,1	23,3
Energía e auga	2193	2,1	10,8	201	0,3	11,9	1989	1,8	10,7	221	0,3	10,3
Fabricación mecánica	1743	1,6	22,2	278	0,4	23,6	2653	2,4	21,1	502	0,6	26,0
Hostalaría e turismo	732	0,7	26,8	1350	1,8	24,6	877	0,8	25,2	1844	2,4	18,4
Imaxe persoal	18	0,0	25,2	690	0,9	29,2	72	0,1	24,0	889	1,1	31,4
Industrias alimentarias	4924	4,6	17,9	8138	10,6	17,2	4910	4,4	15,6	9441	11,5	14,7
Industrias extractivas	373	0,4	12,0	82	0,1	11,5	550	0,5	12,4	79	0,1	15,0
Informática e comunicacións	5550	5,2	12,0	4430	5,8	29,5	5455	4,9	27,3	4622	5,6	27,8
Instalación e mantemento	1960	1,8	18,4	126	0,2	20,0	2176	17,2	17,2	166	0,2	19,6
Sanidade	894	0,8	18,3	3225	4,2	20,5	1224	1,1	12,7	3402	4,1	20,5
Seguridade e medio ambiente	36349	33,9	14,7	10360	13,5	19,3	37903	33,9	14,4	11783	14,3	15,6
Servizos socioculturais e á comunidade	5726	5,3	14,3	8394	11,0	14,6	5750	5,1	14,7	8760	10,6	14,7
Textil, confección e pel	64	0,1	22,1	734	1,0	14,0	79	0,1	19,6	580	0,7	16,7
Transporte e mantemento de vehículos	6542	6,1	26,2	433	0,6	21,8	6515	5,8	26,7	417	0,5	21,2
Formación complementaria	5696	5,3	31,4	5990	7,8	33,6	6316	5,6	29,6	6352	7,7	33,9

(1) Por familia profesional enténdese o conxunto de cualificacións en que se estrutura o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, atendendo a criterios de competencia profesional. Hai 26 familias profesionais. Neste cadro téñense en conta tan só aquelas familias profesionais que agrupan a máis de 200 participantes formados/as.

Se a variable de referencia son as familias profesionais, aprécianse diferenzas segundo participen homes ou mulleres. No primeiro caso é a de "seguridade e medio" a de maior presenza co 34%, seguida de "administración e xestión" co 18%. No caso das mulleres o primeiro lugar ocúpao "administración e xestión" co 28%, seguida de "seguridade e medio".

8.4 Formación de oferta

A formación de oferta abrangue accións formativas das administracións laborais e comprenden as seguintes iniciativas:

8.4.1 Oferta formativa para persoas ocupadas:

- Programas formativos sectoriais.
- Programas formativos transversais.
- Programas de cualificación e recoñecemento profesional.

Esta oferta atende ás necesidades formativas non cubertas polas empresas e desenvólvese de forma complementaria.

Poderán participar ademais das persoas ocupadas, as desempregadas nas porcentaxes que se establezan.

O obxecto desta oferta é atender aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás necesidades de adaptación aos cambios no sistema produtivo, ao igual que ás necesidades de promoción, desenvolvemento persoal e mellora da empregabilidade.

Os últimos datos dispoñibles á data de peche deste informe son de 2014.

Cadro 8.10

Formación dirixida prioritariamente a ocupadas/os. Participantes formadas/os, segundo sexo e provincia. Galicia. 2013-2014

	Homes 2013					Homes 2014				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Convenio colaboración. Planes de formación	2.006	551	208	6.962	9.727	1.430	697	283	4.139	6.549
Programa específico mozos/as < 30 anos	312	29	89	923	1.353	0	0	13	266	279
Total	2.318	580	297	7.885	11.080	1.430	697	296	4.405	6.828

	Mulleres 2013					Mulleres 2014				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Convenio colaboración. Planes de formación	1.388	315	117	9.941	11.761	942	809	211	3.786	5.748
Programa específico mozos/as < 30 anos	330	81	105	981	1.497	0	0	11	213	224
Total	1.718	396	222	10.922	13.258	942	809	222	3.999	5.972

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Anuario de estadísticas laborais.

Apréciase unha redución das persoas participantes con respecto ao ano anterior, sendo maioría o grupo de homes e a provincia de Pontevedra a de máis persoas formadas co 65% do total e seguida da Coruña.

Cadro 8.11

Formación dirixida prioritariamente a ocupadas/os. Duración media por participante (horas), según sexo e provincia. Galicia. 2013-2014

	Homes 2013					Homes 2014				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Convenio colaboración. Planes de formación	57,4	48,8	77,7	110,2	95,2	60,2	76,0	104,5	122,0	102,8
Programa específico mozos/as < 30 anos	247,7	210,0	248,8	280,5	269,3	0,0	0,0	524,6	448,3	451,9

	Mulleres 2013					Mulleres 2014				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Convenio colaboración. Planes de formación	65,5	59,4	97,1	116,2	108,5	83,3	104,2	86,8	115,1	107,3
Programa específico mozos/as < 30 anos	219,6	210,0	213,4	285,3	261,7	0,0	0,0	340,9	555,5	545,0

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Anuario de estadísticas laborais.

En consonancia co anterior, a duración media en horas por participante tamén é maior en Pontevedra, aínda que neste caso o grupo de mulleres ten unha media algo superior en horas ao grupo de homes.

8.4.2. Oferta formativa para persoas desempregadas

- Programas de formación dos Servizos públicos de emprego.
- Programas específicos de formación.
- Programas formativos con compromiso de contratación.

Cadro 8.12

Formación dirixida prioritariamente a desempregados/as. Accións formativas realizadas e participantes que rematan a acción formativa según sexo e idade. Galicia. 2014-2016

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Accións formativas						
	2104	163	77	115	143	498
	2015	194	103	113	168	578
	2016	136	93	98	135	462
Total		493	273	326	446	1.538
Mulleres						
	2014	1.109	413	702	958	3.182
	2015	1.193	528	713	966	3.400
	2016	826	465	533	848	2.672
Total		3.128	1.406	1.948	2.772	9.254
Homes						
	2014	864	435	560	770	2.629
	2015	927	490	479	901	2.797
	2016	631	443	381	660	2.115
Total		2.422	1.368	1.420	2.331	7.541

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Anuario de estatísticas laborais.

Os últimos datos dispoñibles á data de peche deste informe son do ano 2016.

As accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas reducíronse lixeiramente con respecto ao ano anterior e son as mulleres maioría na participación cun 56%.

En relación coas provincias son A Coruña (29%) e Pontevedra (29%) as que realizaron máis accións formativas e con máis persoas participantes.

Cadro 8.13

Formación dirixida proritariamente a desempregados/as. Participantes que rematan a acción formativa. Galicia. 2016

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sen estudos	43	39	5	11	98
Estudos primarios incompletos	35	23	8	15	81
Estudos primarios completos	29	23	30	47	129
Estudos secundarios: programas de FP	139	96	113	158	506
Estudos secundarios: educación xeral	657	445	470	666	2.238
Estudos postsecundarios: técnicos profesionais superiores	298	151	164	320	933
Estudos postsecundarios: primeiro ciclo	94	61	59	117	331
Estudos postsecundarios: segundo e terceiro ciclo	159	70	65	172	466
Outros	3	0	0	2	5
Total	1.457	908	914	1.508	4.787

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Anuario de estatísticas laborais.

O nivel de estudos secundarios representa o 57% do total, seguido de estudos técnicos-profesionais superiores (19%).

Cadro 8.14

Formación dirixida prioritariamente a desempregados/as. Participantes que rematan a acción formativa segundo sexo e idade. Galicia. 2016

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ambos sexos					
Menor de 25 anos	160	139	120	173	592
De 25 a 34 anos	379	256	252	409	1.296
De 35 a máis anos	918	513	542	926	2.899
Total	1.457	908	914	1.508	4.787
Mulleres					
Menor de 25 anos	77	54	66	94	291
De 25 a 34 anos	203	136	126	216	681
De 35 a máis anos	546	275	341	538	1.700
Total mulleres	826	465	533	848	2.672
Homes					
De 35 a máis anos	83	85	54	79	301
De 35 a máis anos	176	120	126	193	615
De 35 a máis anos	372	238	201	388	1.199
Total homes	631	443	381	660	2.115

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Anuario de estatísticas laborais.

O grupo de idade entre 35 e máis representan un 61% do total de persoas formadas. Este tramo de idade é maioritario tanto en mulleres coma en homes, e tanto na nosa Comunidade Autónoma coma a nivel do Estado.

8.5. Outras iniciativas de formación

8.5.1 Permisos individuais de formación (PIF)

Cando a empresa conceda un PIF, entenderase cumprido o dereito ao permiso retribuído de 20 horas anuais de formación.

En Galicia os datos en 2017 son:

	Home	Muller	Total
Participantes	97	67	164
Horas de permiso	7.103	4.441	11.154

En España en 2017:

	Home	Muller	Total
Participantes	3.492	2.542	6.034
Horas de permiso	294.468	153.909	448.392

Tanto en España coma en Galicia é maior o número de participantes home e en consecuencia maior o número de horas de permiso de formación.

8.5.2. Formación en alternancia co emprego

Integrada polos programas públicos de emprego-formación, que inclúen os programas de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación e emprego.

As escolas obradoiro e casas de oficios son programas públicos de emprego-formación que teñen como finalidade a inserción laboral de mozas e mozos sen emprego menores de 25 anos a través de formación en alternancia co emprego, a práctica profesional en ocupacións relacionadas coa recuperación patrimonial do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural.

Os obradoiros de emprego combinan formación e emprego dirixidos a desempregadas e desempregados de 25 ou máis anos, con dificultades de inserción laboral (persoas desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, persoas con discapacidade...). Participan en obras ou servizos de utilidade pública recibindo unha formación relacionada coa actividade e cunha duración mínima de 6 meses e máxima dun ano.

Cadro 8.15

Escolas obradoiro, obradoiros de emprego e formación para o emprego. Alumnas e alumnos que participan, inscritos e que finalizan. Galicia/España. 2016

	Alumnas/os participantes			Alumnas/os inscritos			Alumnas/os que finalizan		
	Escolas obradoiro	Obradoiros de emprego	Formación para o emprego	Escolas obradoiro	Obradoiros de emprego	Formación para o emprego	Escolas obradoiro	Obradoiros de emprego	Formación para o emprego
España	3.001	8.203	9.489	1.767	3.866	4.642	1.452	5.445	4.649
Galicia	419	0	2.341	102	0	1.292	315	0	1.028

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social, Anuario de estadísticas laborales.

Este cadro móstranos as alumnas e alumnos participantes (persoa desempregada que tomou parte nunha acción formativa), inscritas e inscritos (persoa desempregada que se inscribe nunha acción formativa) e que finalizan un programa de formación e emprego a nivel nacional e autonómico no ano 2016. Galicia representa o 13,3% das persoas participantes sobre o conxunto estatal.